



# ANÁLISE E COMENTARIO DUNHA OBRA DE ARTE

## Que nos di a CIUG sobre este exercicio...?

### Competencias que se van desenvolver:

1. Saber ver (en particular, a capacidade de mirar a obra de arte como un produto individual e á vez colectivo, ligado a unha tradición, xénero artístico e maneira de facer)
2. Capacidade de observación (análise e comparación)
3. Capacidade de abstracción.
4. Intuición.
5. Memoria visual (concretamente, a capacidade de recordar outras obras coetáneas ou similares á analizada).
6. Coñecemento dalgunhas técnicas e procedementos artísticos.

### Obxectivos:

1. Saber diferenciar o grao de proximidade da obra con respecto á natureza.
2. Aprender a identificar os rasgos característicos propios e definidores dun estilo ou xénero artístico.
3. Saber contextualizar nun marco histórico e cultural a obra proposta.

### Descrición do exercicio:

É un exercicio especialmente interesante para aprender a mirar cos ollos do artista e para entender que a arte é sempre unha abstracción da realidade. Tamén permite entender a obra de arte en todas as súas dimensións: formais, estilísticas, espaciais, históricas, iconográficas e iconolóxicas.

O alumnado deberá proceder á clasificación e catalogación dunha das dúas obras propostas. Así mesmo, terá que contextualizala no marco histórico e estilístico correspondente. Por último, deberá analizala empregando a terminoloxía axeitada con todos os seus elementos significativos.

**Criterios de avaliación:**

<b>Criterio</b>	<b>Elemento que deberá aparecer</b>	<b>Peso</b>
A identificación da obra e a tradición artística á que pertence.	Cronoloxía. Estilo. Obra. Autor.	20%
O recoñecemento dos principais elementos formais que teñen sido determinados por convencións e clichés artísticos.	Rasgos «de época». Contexto histórico. Rasgos do estilo. Rasgos da praxis artística. Rasgos do artista.	50%
A intuición do/a estudante para descubrir outros elementos menos evidentes.	Rasgos «de época». Contexto histórico. Rasgos do estilo. Rasgos da praxis artística. Rasgos do artista.	20%
Corrección gramatical e capacidade de expresión escrita.	Dominio básico da morfosintaxe.	10%

**Exemplo:**



<b>Apartados</b>	<b>Elementos a desenvolver</b>	<b>Puntuación</b>
<b>A. Clasificación.</b>	Partenón. Fidias, Ictinos, Calícrates. Grecia. Época clásica. Século V a.C. 447-432 a.C..	<b>0,75 puntos</b>
<b>B. Contexto histórico.</b>	Localización xeográfica Orixe, cultura, lingua, costumes, formas de vida. Relixión. Polis. Conflictos: Guerras Médicas, Guerra del Peloponeso. Etapas.	<b>0,75 puntos</b>
<b>C. Análise e comentario da lámina.</b>	Descripción. Función. Ordes arquitectónicos. Elementos decorativos. Planta. Correccións ópticas. Valoración.	<b>1,5 puntos</b>